



A Pobra do Caramiñal

Manuel M^a. Durán Guillán, concelleiro do grupo municipal do partido popular neste concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria a seguinte moción relativa a execución da sentenza xudicial do camiño que discorre dende Áreos (Xobre), a través de Tuxeiras, Montes de Fora, Agro Novo, Estivada Vella, chegando a praia de Liñeiros.

ESPOSICION DE MOTIVOS.

No pasado mes de Agosto , prendeu lume na masa forestal sita nas inmediacións da praia de Liñeiros no Xobre. Si ben o mesmo foi atallado de forma manual pola imposibilidade de acceso dos medios terrestres, fíxose evidente que no caso de ter que acceder cos mesmos, non sería posible xa que a camiño de acceso o lugar ten o paso limitado por unha cerca, contrevenindo a sentenza xudicial que determinou que a propiedade do mesmo é municipal.

Por todo elo, o Partido Popular, propón o Pleno a adopción do seguinte acordo:

Executar a sentenza xudicial que establece que o camiño que discorre dende o lugar de Áreos (Xobre), a través de Tuxeiras, montes de Fora, Agro novo, Ladiña, Estivada Vella, Liñeiros e que remata na praia de Liñeiros e de propiedade municipal, retirar todo obstáculo que impida o seu tránsito e acceso, así como limpar e facer transitable o mesmo.

A Pobra do Caramiñal, 15 de Setembro de 2018.

Manuel Durán Guillán

Concelleiro do Grupo Municipal do PP

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL